

A nova poesía galega entra 'sen pedir permiso'

Uxio Novoneyra pediu 'paciencia' no I Encontro de Novos Escritores

♦ C. VIDAL

Por momentos foron máis de sesenta escritores, maiormente poetas e homes, os que encheron a biblioteca do instituto compostelán onde os días seis, sete e oito deste mes celebrouse o I Encontro de novos escritores organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). O bon momento polo que está a pasar a poesía dos máis novos —criazón de grupos, ocupación de lugares nunca antes pensados para a poesía, ánsia por publicar desde novos e tamén, un ambiente propicio criado por eles próprios— deixouse ver no foro onde os debates máis polémicos tamén se centraron nos poetas. A chamada á paciencia de Uxio Novoneyra na clausura denominando actitudes "fascistas" ás que queren "enterrar ao pai" non foi ben recibida polos novos escritores que afirman "coller o espazo sen petar en porta nengunha".

As referencias de Novoneyra entendéronse en resposta a un dos corenta puntos nos que Rafa Villar apresentou a súa ponencia no que se dicía: "Matar o pai. Esnaquizalo e enterralo con cal vivo, para que a única lembranza que nos deixe sexan os versos que nos unxiron". Villar xuntara na súa afirmación diversas frases de varios dos chamados "poetas dos 80" para sinalar a súa posición sobre o debate producido no pasado congreso da AELG sobre o tema e que, en certa medida, tamén está na orixe deste encontro. Era a segunda parte da súa "Teoría das xeracións poéticas" despois de que na primeira asinaso o se sumar á xeración de hai seis séculos, "á do poeta que escribiu; Sen meu amigo manheú senheyrá/ e sol non dormen estes olhos meus". Foi o manifesto que se repetiu en diversas ocasións e en



Os escritores novos reuníronse os días 6, 7 e 8 deste mes nun instituto compostelán.

A. IGLESÍAS

máis de unha ponencia: a necesidade de non se entender como xeración e a pluralidade de opinións da xente nova que está a escribir e da que os presentes en Compostela eran só unha pequena mostra.

Sen que apenas o tema saise no encontro, as palabras finais de Novoneyra produciron sorpresa e malestar en boa parte dos novos escritores, que entenderon a intervención do presidente da AELG como un toque de atención inesperado despois do ton nada polémico no que se produciu o encontro. Os debates sobre a primacía do relato fronte á novela ou os sistemas literarios pecharon páxina sobre temas máis esperados pero que, para a sorpresa, non apareceron como as dificultades para publicar, as alternativas cando as editoriais non abren as portas aos máis novos ou

a pouca presenza da muller no campo da narrativa. O feito de que todos os ponentes tiveran algún libro xa publicado —a única inédita verá o primeiro esta semana— e que a maior parte deles superaran os trinta anos, idade que se barallara como barreira —só tres menores deste tempo forman parte dos sócios da AELG—, sen dúbida influíu á hora de que non se tratanen por exemplo as canles de publicación de primeiras obras.

A nova narrativa galega da man de escritores como Fran Alonso, Ricardo Beiras, Xosé Carlos Caneiro, Inma López Silva, Camilo Franco e Xerardo Méndez falou de diversidade á hora de se enfrontar ao feito literario cunha maior disparidade tanto na procedencia dos autores como na maior amplitude temática cunha desaparición do que en palabras de Fran Alonso foi o "enfrenta-

mento rural-urbano". A maior comunicación cos lectores —en perigo de extinción, díxose, polo descenso do uso do galego na mocidade— e a influencia dos medios audiovisuais levou a que o debate transcorrese en termos de adaptación da literatura aos novos tempos. A proposta máis atrevida correspondeulle a Camilo Franco —procedente do xornalismo— que falou da novela como "fórmula caduca" nun tempo no que prima, ao seu entender, a necesidade de "contar historias sen adorno" e con "tensión e claridade". A réplica puxéronna Manlir Alexandre e Fernán Vello. "O escritor ten que asumir o neofascismo autoritarista? Ten que ir detrás do camiño que nos están marcando?", preguntouse —ao defenderen xunto a outros á boa saúde da novela como xénero na literatura deste tempo. Provocador

quixo ser tamén o discurso de Xosé Carlos Caneiro —condeado, segundo dixo por "fanático, iconoclasta, indócil"— quen definiu a literatura actual como a do predomínio da "estética da mediocridade e a simpleza" preparada para influir no mercado de libros para o ensino, no que priman os criterios duns profesores que "son incapaces de animar a ler aos clásicos". Dixo entón que "resulta patético que non se escoite a voz de narradores e poetas contra a ditadura do simplismo" pero augurou tamén que "o tempo colocará a cada un no seu lugar".

Propostas máis persoais na poesía

Se a narrativa se moveu en mans da teoría da literatura, saltando á marxe da idade, no caso de poesía deixáronse escoitar propostas máis persoais que eludiron falar tanto de grupos poéticos como de xeracións. A aposta de Lupe Gómez pola "poesía-relixión" frente á "literatura-oficio" impactou nos presentes despois de que durante todo o ano o seu libro "Pomografía", publicado mediante unha autoedición, conseguira maior eco que a maioría dos poemarios editados polas canles tradicionais. Iolanda Castañón, despois de destacar a forte actividade dos novos poetas á hora de participar en proxectos colectivos, no percorrido que fixo pola última poesía galega falou dunha "alta e crecente presenza da muller dentro do panorama literario, con forza de trastocar os modelos patriarcales e os tratamentos temáticos". Na súa visita panorámica ademais de sinalar a pluralidade de propostas literarias que se ían facendo na actualidade galega destacou o "entusiasmo e a paixón" de moitos dos máis novos á hora de decidir adentrarse no mundo da escrita. ♦

O Xabarin canta rock e folk mentres vai cara Portugal

Un novo compacto dobre inclúe a música popular galega e ás bandas de alén do Miño

♦ A. ESTÉVEZ

O Xabarin chega ao Nadal cun novo disco baixo o brazo. Os dous últimos CDs, con moitas novidades, xa están nas tendas e será presentado en Vigo o Sábado 14 nunha gala que a TVG transmite desde o Centro Caixavigo. Unha semana máis tarde, no pavillón de Narón, os carivos que o desexen poden tamén celebrar o Nadal co porco bravo. Xa son 66.000 sócios os que ten o programa estrela da TVG, a cuarta parte dos nenos e nenas que se atopan na franxa de idade á que se dirixe o programa dirixido por Suso Iglesias.

O director do Xabarin afirma que se se fixeran campañas para captar sócios a través de subscricións en medios impresos variase

desbordados para poder atender a todos os datos dos nenos. O método da tarxeta nos quioscos xa acadou unha enorme resposta. Desde Abril de 1994, data na que comezou a emisión, o Xabarin obtivo a resposta de 66.000 afiliados. "Pódese dicir que anosa distribución é discreta pero senon non poderíamos atendela. En Cataluña, hai un programa estrela infantil que ten moitos máis sócios porque o método era máis aberto. Hai que dicir que levan máis tempo en antena", comenta Suso Iglesias, que se refire tamén ao éxito dos programas infantís noutras canles autonómicas. Segundo explica, a principal diferenza entre o Xabarin e outros espazos está na música. "Nós baseamos parte do éxito do programa na música. Se a canción é boa non importa que o grupo sexa co-

necido ou non, ao soar no programa faise popular e se consegue que os espectadores canten", di.

O certo é que, co recente lanzamento, xa van catro volumes de discos Xabarin que trunfan entre os nenos e dan a oportunidade a moitos grupos de dar a coñecer o seu traballo. Aínda que as letras adaptáanse ao programa, cada peza leva o selo do grupo que a interpreta. Milladoiro, Berroqueto, Chouteira, Na Lua, Uxia, Emílio Cao e Mercedes Peón son intérpretes da música popular que se incorporan a estes novos volumes. "Hai un novo movemento folk que non se pode pasar por alto. Até agora, o Xabarin tiña moito rock e non importaba o xénero se se cantaba en galego e con temas exclusivos para o programa", di Suso Iglesias.

O porco bravo tamén chegou a Portugal e convenceu aos grupos deste país para que cantaran en galego. "Fálase moito do necesario que é achegarnos á cultura de Portugal pero non se fai gran cousa. Hai que achegarse até Lisboa e convencer aos músicos de que se pode facer algo interesante", afirma o director do programa, que está máis que satisfeito do resultado. "A profesionalidade de Portugal non existe na Galiza, o cal se pode explicar porque é máis grande, hai desenvolvemento da música. O que pedimos no Xabarin é calidade e os grupos portugueses téñenlla de sobras. Ademais, traballar con persoas como Rui Veloso aseguran os resultados", conta Suso Iglesias. Gaiteros de Lisboa, Sitiados, Despe e Siga, GNR e os angoleños de Kussun-

dulola son algunhas destas formacións.

Os proxectos en televisión existen tempo e previsión de meses. Na renovación de conridos que leva a cabo o programa está prevista que na primavera comece unha historia infantil de Galiza a xeito de dicionario da A a Z con marionetas, que está sendo preparada por Víctor Aparicio, que desde a disolución dos Coyotes, traballa moito na Galiza, nomeadamente no Xabarin, para o que tanto componse un tema como deseña un apartado de animación. Mentres, e aproveitando o Nadal, os nenos e nenas adeptos poden mercar por tres mil pesetas este dobre compacto, con 33 grupos, co que o porco bravo, ademais de atrevase con todos os estilos, salta a fronteira do Miño. ♦